

Visto que mediante resolución desta Alcaldía nº 283/2010 do 15 de abril, aprobáronse as bases xerais e específicas e convocatoria para a provisión dunha praza de auxiliar administrativo ofertada polo Concello de Cabana de Bergantiños na Oferta Pública de Emprego do ano 2.010, como funcionario de carreira, escala de Administración Xeral, Subescala auxiliar, subgrupo C-2.

Publicadas as mesmas nos correspondentes boletíns oficiais, e realizado o procedemento de selección mediante oposición libre nos termos previstos nas mesmas.

Vista a proposta de nomeamento de D^a María Cristina Candal Rey con D.N.I nº 79.320.649-C realizada polo Tribunal de Selección o día 26 de novembro de 2.010, que foi publicada na web do Concello e no taboleiro de anuncios do mesmo con data de 29 de novembro de 2.010.

Visto que de conformidade co previsto no punto 10 das bases xerais, D^a María Cristina Candal Rey procedeu con data de 9 de decembro de 2.010 (RE nº 3598/2010 do 9/12) a presentar en prazo a documentación requirida no citado punto das bases.

Visto igualmente que no punto 11.1 das bases xerais de selección se establece que os aspirantes propostos que presenten a documentación preceptiva serán nomeados funcionarios de carreira polo Sr. Alcalde, e deberán tomar posesión no prazo de un mes contado dende o día seguinte ao da notificación do dito nomeamento, sen prexuízo de que como establece o punto 11.2 dito nomeamento como funcionario de carreira quedará supeditado á superación do correspondente período de prácticas sendo nomeado mentres como funcionario en prácticas.

Tendo en conta as competencias que me atribúe o artigo 21.1.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora de Bases de Réxime Local, pola presente **RESOLVO**:

PRIMEIRO: Proceder a nomear a Dona María Cristina Candal Rey con D.N.I nº 79.320.649-C como funcionaria en prácticas polo prazo de tres meses que comezará a contar a partir da toma de posesión; escala de Administración Xeral, Subescala auxiliar, subgrupo C-2, denominación: auxiliar administrativa adscrita a secretaría.

SEGUNDO: No caso de superar o período de prácticas procederase ao nomeamento como funcionaria de carreira da praza antedita.

TERCEIRO: O presente nomeamento como funcionaria en prácticas non producirá efectos ata a formalización da toma de posesión.

CUARTO: Dar traslado da presente aos servizos de intervención e tesourería do Concello, e á interesada. Publíquese no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web (www.concello-cabana.com).